

## ANEXO III

## MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO

ENTIDADE SOLICITANTE
----------------------

## PROXECTO DE INVESTIMENTO

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO TOTAL	CONTÍA SOLICITADA

## PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

<input type="checkbox"/>	NÚMERO DE ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NOS DOUS ANOS ANTERIORES (Relacionar)
<input type="checkbox"/>	MESMO PROXECTO REALIZADO EN ANOS ANTERIORES, E A SÚA CONTINUIDADE (anos de realización do proxecto)
<input type="checkbox"/>	ÁMBITO DE REPERCUSIÓN TERRITORIAL DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE (Autonómico, Provincial ou Local)
<input type="checkbox"/>	NIVEL DE AUTOFINANZAMENTO DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE (Autofinanzamento, só fondos propios)
IMPORTE	

<i>Lugar e data</i>			
	,	de	de
(Sinatura e selo da entidade)			

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 28 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2009.*

O obxecto das agrupacións que desenvolven programas de defensa fitosanitaria é o control fitopa-

tolóxico dos cultivos agrícolas, a través de entidades de carácter agrario formalmente constituídas, mediante programas técnicos ben definidos, de xeito que exista certa periodicidade no uso de métodos de control fitopatolóxico e que, ademais, se recorra ao emprego racional de produtos químicos, usándoos só naqueles casos en que sexa a única forma eficaz de erradicar ou manter os axentes nocivos nuns limiares tolerables, empregando métodos de control integrado de pragas.

Para conseguir unha mellora das técnicas de loita fitosanitaria nas explotacións cómpre subvencionar os servizos técnicos prestados polas agrupacións de defensa fitosanitaria aos agricultores, así como unha parte do material empregado na loita contra as pragas. A intensidade da axuda será tal que permita que o apoio aos técnicos sexa coherente cos prezos de mercado, así como o mantemento da actividade no tempo.

O Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas, permite outorgar unha axuda aos agricultores de ata 7.500 euros en tres anos para todas as axudas outorgadas polo dito réxime. Malia seren os beneficiarios das axudas polo devandito réxime as empresas do sector da produción de produtos agrícolas, para a simplificación do procedemento administrativo e do control dos programas de actuación das agrupacións de defensa sanitaria dos cultivos cómpre que, naqueles casos que sexa posible, se asinen convenios de colaboración coas agrupacións para que estas actúen como entidades colaboradoras na xestión das axudas, adquirindo os agricultores, non obstante, a obriga de informar das axudas percibidas polo réxime *de minimis* nos últimos tres anos, así como o resto dos requisitos do citado regulamento e da orde.

Estas axudas para agricultores membros das agrupacións de defensa fitosanitaria financiaranse con fondos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e outros que poida achegar para os mesmos fins a Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2009 das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria.

#### SECCIÓN PRIMEIRA

##### BASES REGULADORAS DAS AXUDAS

#### Artigo 2º.-*Obxecto.*

Esta sección ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas para agricultores que

empreguen os servizos das agrupacións que desenvolvan programas de defensa fitosanitaria.

#### Artigo 3º.-*Definicións.*

Agrupacións de defensa fitosanitaria (en diante ADF): asociacións ou agrupacións de agricultores e as súas federacións recoñecidas oficialmente, así como outras entidades relacionadas coa agricultura formalmente constituídas, que desenvolvan un programa de defensa fitosanitaria dos cultivos orientado á redución no uso de praguicidas empregando as técnicas de control integrado de pragas.

#### Artigo 4º.-*Beneficiarios e principios de concesión.*

1. Poderán acollerse a esta axuda os agricultores que desenvolvan a súa actividade nos sectores da produción de horta, froiteiras e da vide, que pertencen a unha ADF e empreguen os seus servizos para o desenvolvemento dun programa de defensa fitosanitaria.

2. Acreditarán a súa actividade agraria mediante o seu correspondente código de explotación agraria (CEA) e/ou código de explotación vitícola (Codev).

3. A axuda regulada nesta orde concederá en réxime de concorrencia competitiva e, en todo caso, con suxeición aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e estará supeditada á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes partidas orzamentarias.

4. Se un agricultor pertencese a varias agrupacións só poderá obter subvención pola súa pertenza a unha delas.

#### Artigo 5º.-*Requisitos dos beneficiarios.*

1. Os agricultores pertencentes ás ADF que soliciten as axudas deberán ter subscrito o regulamento de réxime interno, no que se exprese a aceptación das actuacións de control fitosanitario que se establezan para cada cultivo ou grupo de cultivos asociados, así como cumprir os compromisos e obrigas exixidas nos artigos 7º e 14º desta orde.

2. Só poderán ser beneficiarios destas axudas os agricultores pertencentes ás ADF que xunten os seguintes requisitos:

a) Que estean formadas por un número mínimo de 10 agricultores, que integren unha superficie mínima suficiente para a mellor eficacia das técnicas de loita que van aplicar, e para que resulte económico o mantemento do técnico e demais equipamento utilizado pola entidade.

b) Que teñan subscrito un contrato laboral a tempo total co técnico que dirixirá a execución do programa nos cultivos que se van producir. Os técnicos que desenvolvan os traballos deberán estar en

posesión do título de enxeñeiro agrónomo ou enxeñeiro técnico agrícola.

3. Os beneficiarios deberán ter revisado ou solicitada a revisión da súa maquinaria no marco do programa de revisión e control de maquinaria de tratamento de produtos fitosanitarios.

*Artigo 6º.-Clase e contía das axudas.*

1. Axudas destinadas a sufragar os custos dos servizos recibidos polo beneficiario prestados polo persoal técnico contratado polas ADF para a realización de tarefas de seguimento, detección e diagnóstico de pragas, recomendacións de tratamentos, seguimento da súa evolución, auxilio na formalización do caderno de explotación e outras actuacións técnicas durante o período de produción do seu cultivo e ata o 15 de outubro do ano 2009.

As axudas serán do 70% do custo do servizo e un máximo de 700 euros por agricultor, cando a ADF teña ata 25 membros e diminuirá proporcionalmente cando o número de socios pertencentes a mesma entidade sexa superior a este número.

2. Axudas para adquisición polo beneficiario do material de técnicas de control que poidan achegar unha innovación e mellora nas técnicas de control contra organismos nocivos que atacan os cultivos do programa de 50 euros por agricultor.

Esta axuda só será concedida unha vez sexan atendidas as solicitudes de axuda do punto primeiro.

*Artigo 7º.-Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios das axudas deberán desde a concesión das axudas:

a) Remitir semanalmente aos servizos técnicos agrarios provinciais:

-Ficha sobre evolución fitosanitaria dos cultivos e estado fenolóxico delas.

-Descrición do traballo de campo coa indicación das parcelas.

-Actividades formativas levadas a cabo.

-Estado de execución das medidas propostas na memoria técnica.

-Incidencias importantes en materia de sanidade vexetal.

b) Antes do 30 de outubro de 2009, deberán achegar unha memoria onde se recollan todas as actuacións do técnico da ADF na explotación do solicitante da axuda.

*Artigo 8º.-Entidades colaboradoras.*

1. As ADF poderán actuar como entidades colaboradoras para a xestión das axudas aos agricultores para o emprego dos servizos técnicos prestados por elas, segundo o disposto nos artigos 9, 10 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A Consellería do Medio Rural e as entidades colaboradoras formalizarán convenios de colaboración en que se regularán as condicións e as obrigas asumidas por estas na xestión das axudas, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 9/2007.

3. Para a sinatura do convenio deberá achegarlle á Consellería do Medio Rural, como mínimo, a documentación de constitución da ADF, unha copia do seu CIF, regulamento de réxime interno, certificado orixinal do número de conta, a relación dos agricultores posibles beneficiarios das axudas que a forman e unha memoria técnica con clara especificación do programa de actuación que se pretenda desenvolver, obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución (indicando a data de comezo e fin do programa) e resumo da superficie de cada un dos cultivos a que se vaia dar o servizo. Tamén acreditarán non ter débedas coas administracións públicas (AEAT, Consellería de Economía e Facenda e Seguridade Social) mediante a presentación polo solicitante das correspondentes certificacións ou ben autorizarán mediante un escrito a consulta telemática desta situación.

4. As ADF sinatarias do convenio terán a obriga de auxiliar os seus membros na tramitación das solicitudes de axudas, serán as ADF as que distribúan entre os beneficiarios os fondos outorgados.

5. As ADF que asinen o convenio deberán auxiliar tamén os agricultores na xustificación das actuacións técnicas levadas a cabo nas explotacións, descritas no artigo 7 desta orde.

6. Exímense as entidades colaboradoras de constituír as garantías previstas no artigo 72.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 9º.-Solicitudes.*

As solicitudes de subvención formularanse conforme os modelos que se achegan como anexos I, II e III desta orde, e irán acompañados da documentación que se establece no seguinte artigo.

*Artigo 10º.-Documentación.*

Sen prexuízo da achega de calquera outro documento e información que o interesado puidese presentar para resolver sobre o outorgamento da subvención ou as que puidese solicitar a administra-

ción, o beneficiario deberá xuntar á solicitude de subvención a seguinte documentación que se indica, que serán orixinais ou fotocopias compulsadas:

a) Fotocopia do DNI no caso de que o solicitante sexa una persoa física, ou do CIF definitivo, se se trata dunha empresa.

b) Estatutos e documentación de constitución da ADF á que pertencen e regulamento de réxime interno (só no caso de que a ADF non asinase un convenio coa Consellería do Medio Rural).

c) Certificado da entidade bancaria que acredite a existencia da conta a nome do beneficiario.

d) Factura pro forma do gasto previsto, tanto no orzamento do servizo que lle vai prestar a ADF, así como do gasto en material previsto para a execución de actuacións de técnicas de control.

e) Programa de actuación para executar pola ADF da que sexa membro e técnico responsable da ADF incluíndo a relación de parcelas, cultivos, data de inicio e remate do programa, cronograma de visitas e outras accións de asesoramento e documentación do técnico asesor e título (só no caso de que esta non asinase un convenio coa Consellería do Medio Rural).

f) Declaración escrita sobre outras axudas, que inclúa a relación doutras axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmos gastos, así como o importe de todas as axudas concedidas ou pagadas nos últimos tres anos fiscais ao abeiro da normativa *de minimis* (O Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas), segundo o modelo do anexo III.

g) Xustificación de que o técnico ten unha relación contractual coa ADF (só no caso de que a ADF non asinase o convenio).

h) Documentación que acredite o punto 1 do baremo do artigo 12, se é o caso.

2. No caso de ADF que asinen un convenio coa Consellería do Medio Rural, consignarase na solicitude o número de conta da ADF que será a destinataria dos fondos e será a encargada da súa distribución entre os beneficiarios. Isto non exime de achegar o certificado do número de conta do beneficiario que poderá ser utilizado, de ser o caso, para o control da efectiva transferencia entre a ADF e o seu membro.

#### Artigo 11º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano de instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. O Conselleiro de Medio Rural resolverá sobre as solicitudes presentadas, no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, por proposta do órgano instructor do procedemento, logo da avaliación das solicitudes por un órgano colexiado presidido polo subdirector xeral con competencias na materia e integrado por tres funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario.

3. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Resolveranse favorablemente todas as solicitudes que cumpran os requisitos segundo a orde de puntos obtidos no baremo establecido no seguinte artigo ata o esgotamento do crédito dispoñible. En caso de empate a puntos entre varios solicitantes atenderanse primeiro as dos pertencentes ás ADF cun maior número de membros.

5. Despois da notificación das axudas aos beneficiarios, estes disporán dun prazo de dez días para aceptación da axuda entendendo que, de non facerse esta comunicación, enténdense tacitamente aceptadas. Se no dito prazo se producisen renuncias á concesión destas axudas, procederíase a unha nova adxudicación co crédito sobrance aos solicitantes que quedaran fóra da anterior resolución de concesión.

#### Artigo 12º.-*Criterios de selección.*

Para a avaliación das solicitudes presentadas empregaranse os seguintes criterios de selección:

1. Para agricultores que tivesen a súa produción amparada por algún indicativo de calidade diferenciada e/ou ben produtores ou operadores acollidos a producións con protección da calidade: agricultura ecolóxica e produción integrada: 5 puntos.

2. Polo número de agricultores que pertencen a ADF: por cada 10 agricultores, 1 punto e ata un máximo de 5 puntos.

3. Cando a explotación estea situada nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas a que fan referencia os incisos i), ii) e iii) da alínea a) do artigo 36 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro: 3 puntos.

4. Por ser explotación prioritaria segundo a regula o Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o rexistro de explotacións agrarias de Galicia e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 que o desenvolve: 2 puntos.

5. Polo uso do galego na realización de actividades ou condutas subvencionadas: 2 puntos.

### Artigo 13º.-*Xustificación das axudas.*

1. A data límite para a execución das actuacións previstas será o 15 de outubro de 2009.

2. Unha vez realizados os investimentos e a execución da actuacións previstas, os interesados deberán comunicar a finalización do programa no que respecta á súa explotación, por escrito por calquera dos medios previstos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, como moi tarde, o 30 de outubro de 2009.

3. Coa dita comunicación xuntaranse os xustificantes do investido tales como facturas pagadas así como un informe final das actuacións técnicas da ADF na explotación do solicitante.

4. A xustificación do gasto realizado debera facerse achegando as correspondentes facturas. Para xustificar o pagamento no caso de que os investimentos non superen os 1.000 € segundo o artigo 42.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, bastará con achegar a factura co recibín por parte do provedor co selo e/ou sinatura e NIF de quen asina o recibín ou achegarase calquera outro documento de valor probatorio que xustifique o gasto e o pagamento realizado. En caso contrario deberán achegarse as correspondentes transferencias bancarias que xustifiquen o pagamento efectuado.

5. Unha vez comprobada a execución das actuacións, os técnicos dos servizos técnicos agrarios provinciais realizarán as correspondentes certificacións previas ao pagamento das axudas.

6. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano instrutor do procedemento será de aplicación o establecido nos números 2º, 3º, 4º e 5º do artigo 45 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións.

### Artigo 14º.-*Compromisos.*

1. Os agricultores beneficiarios destas axudas deberán permanecer na ADF ata a finalización da actuacións previstas no programa e, como mínimo, ata o 30 de outubro de 2009.

2. Os beneficiarios deberán conservar durante cinco anos toda a documentación técnica e económica xustificativa das axudas.

3. Os beneficiarios deberán colaborar cos técnicos dos servizos técnicos agrarios provinciais da Consellería do Medio Rural desde a data de inicio do programa poñendo á súa disposición o caderno de campo da súa explotación, que deberán ter ao día tal e como se establece a Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro (BOE do 19 de febreiro). Así mesmo, colaborarán cos técnicos dos servizos provin-

ciais da consellería no seguimento da evolución e incidencia das pragas e na execución dos programas oficiais de sanidade vexetal.

### Artigo 15º.-*Concorrenza e acumulación de axudas.*

1. As axudas reguladas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das outorgadas polas distintas administracións públicas, referidas aos mesmos investimentos.

2. Ademais do previsto nesta orde respecto da declaración que se vai presentar coa solicitude de axuda, os beneficiarios presentarán coa xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final da axuda, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas, como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

### Artigo 16º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control da Unión Europea.

### Artigo 17º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde así como as incidencias detectadas nos labores de seguimento efectuados polos responsables da xestión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran as condicións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de dita lei.

### Artigo 18º.-*Reintegro das axudas.*

Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda e os xuros de demora devengados desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en

todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 19º.-Recursos administrativos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou da respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

*Artigo 20º.-Infraccións e sancións.*

Seralles de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de dita lei.

*Artigo 21º.-Normativa.*

Nestas axudas será de aplicación a seguinte lexislación:

1. O Regulamento (CE) nº 1535/2007, do 20 de decembro de 2007, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE L 337, do 20 de decembro de 2007). No artigo 3 deste regulamento indícase que todas as axudas concedidas polo devandito réxime a unha empresa do sector da produción de produtos agrícolas non poderá exceder os 7.500 euros en tres exercicios fiscais.

2. No non previsto nesta orde esterase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

SECCIÓN SEGUNDA

CONVOCATORIA PARA O ANO 2009

*Artigo 22º.-Obxecto.*

Esta sección ten por obxecto a convocatoria para o ano 2009 das axudas para os agricultores membros das agrupacións que desenvolvan programas de defensa fitosanitaria (ADF), segundo as bases

reguladoras establecidas na sección primeira desta orde.

*Artigo 23º.-Presentación de solicitudes.*

As solicitudes de axuda para a convocatoria do ano 2009 presentaranse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, preferentemente nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo dos outros medios previstos no artigo 33.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 24º.-Financiamento para o ano 2009.*

As axudas reguladas nesta orde estarán financiadas no exercicio 2009 con cargo á aplicación orzamentaria 2009 11 03 713E 7801 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe de 200.000 euros, sen prexuízo de poder utilizar outros remanentes dispoñibles de acordo co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Os beneficiarios das axudas non deberán ter débedas coas administracións públicas (AEAT, Consellería de Economía e Facenda e Seguridade Social) segundo recolle a letra e) do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo o órgano instrutor do procedemento acceder á consulta telemática desta situación, salvo denegación expresa do solicitante achegada no momento da solicitude caso en que deberá achegar os correspondentes certificados.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA AGRICULTORES MEMBROS DE AGRUPACIÓNS DE DEFENSA FITOSANITARIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR445B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA/NOME E APELIDOS		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ADF A QUE PERTENCE	ENDEREZO ELECTRÓNICO		

## Na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO COMPLETO		
TELÉFONO E FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

## Técnico da entidade

NOME E APELIDOS	DNI	TELÉFONO
-----------------	-----	----------

## DATOS BANCARIOS DO AGRICULTOR OU ADF (MÁRQUESE O QUE PROCEDA)

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO COMPLETO	

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

COPIA DO DNI DO SOLICITANTE.  
 ESTATUTOS E DOCUMENTACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA ADF A QUE PERTENCE (NON SERÁ NECESARIO ACHEGALO NO CASO DAS ADF QUE ASINASEN UN CONVENIO).  
 CERTIFICADO ORIXINAL DO NÚMERO DE CONTA BANCARIO.  
 FACTURA PRO FORMA DO ORZAMENTO DO SERVIZO DA ADF E DO MATERIAL DAS TÉCNICAS DE CONTROL.  
 PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA ADF (NON SERÁ NECESARIO ACHEGALO NO CASO DAS ADF QUE ASINEN O CONVENIO).  
 DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDA EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS AAPP E DECLARACIÓN DE AXUDAS CONCEDIDA POLO RÉXIME *DE MINIMIS* NOS ÚLTIMOS TRES ANOS ASÍ COMO DE QUE COÑECE A INTERVENCIÓN DA ADF NA XESTIÓN DAS AXUDAS COMO ENTIDADE COLABORADORA NO CASO DE QUE ESTA ASINASE UN CONVENIO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (SEGUNDO O ANEXO III).  
 OUTROS.

O abaixo asinante solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 28 de maio de 2009, da Consellería do Medio Rural, para agricultores membros das agrupacións de defensa fitosanitaria. -Autorizo a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas e tamén o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. -O abaixo asinante declara que son certos todos os datos consignados nesta solicitude (anexos I e II) e está en disposición de presentar todos os xustificantes acreditativos para levar a cabo a certificación dos programas solicitados presentados por esta entidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 28 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros das agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____, de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO II*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA AGRICULTORES MEMBROS DE AGRUPACIÓNS DE DEFENSA FITOSANITARIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR445B</b>	DOCUMENTO <b>SELECCIÓN/ AXUDA</b>
---	---	--------------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

SOLICITANTE	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TÍTULO DO PROGRAMA	
<input type="text"/>	

**CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS SOLICITUDES**

1.-PARA AGRICULTORES CON PRODUCIÓNS CON INDICATIVO DE CALIDADE DIFERENCIADA E/OU ACOLLIDOS A PRODUCIÓNS DE AGRICULTURA ECOLÓXICA OU PRODUCCIÓN INTEGRADA: (5 puntos).	<input type="text"/>
2.-POLO NÚMERO DE AGRICULTORES QUE PERTENZAN Á MESMA ADF: 1 punto/10 agricultores (máx. 5).	<input type="text"/>
3.-EXPLOTACIÓN SITUADA EN ZONA DE MONTAÑA, DESFAVORECIDA OU REDE NATURA (3 puntos).	<input type="text"/>
4.-POR SER EXPLOTACIÓN PRIORITARIA: (2 puntos).	<input type="text"/>
5.-POLO USO DO GALEGO NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES OU CONDUTAS SUBVENCIONADAS: (2 puntos).	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>	<input type="text"/>

**CARACTERÍSTICAS DA EXPLOTACIÓN**

Cultivos que participan por nº (ha)	Aire libre	Baixo cuberta	Nº parcelas	Concello
1.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

1.-Contratación de técnico (máximo subvención 700 euros e ata un máximo do 70% do custo)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2.-Técnicas de control de organismos nocivos (máx. 50 euros)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 28 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros das agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2009.*

---

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSO A QUE O/A REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	_____
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

## ANEXO III

## AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA O MESMO GASTO.

AXUDAS PERCIBIDAS NO RÉXIME *DE MINIMIS* NOS ÚLTIMOS TRES ANOS.

Don/Dona , co NIF   
 e enderezo no lugar de  parroquia de   
 concello de  pertencente á ADF

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

En relación coa Orde do 28 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria se convocan para o ano 2009.

Teño concedida/s axuda/s polo réxime *de minimis* (R (CE) nº 1535/2007) nos últimos tres anos, polas liñas de axuda e importes e nas datas que se indican:

LÍÑA DE AXUDA	DATA	IMPORTE €
Axudas acceso á cotitularidade	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas agricultores membros de ATRIAS 2008	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Axudas bonificación xuros de préstamos IGAPE	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Outras		
Axudas a Sist. de almacenamento de animais mortos- axudas aos sectores cunícolas e porcinos do ano 2008.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>		<input type="text"/>

Non teño concedida ningunha axuda *de minimis* nos últimos tres anos.

**OUTRAS AXUDAS:**

Non teño concedida ningunha axuda para os mesmos conceptos.

Teño concedida unha axuda para os mesmos conceptos nas liñas e polos importes que se indican:

Declaro coñecer os termos do convenio nos cales la ADF a que pertenzo actuará como entidade colaboradora na xestión das axudas no caso de asinarse o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: